

RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 27 DE XUÑO DE 2005

Ás 10 horas en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, na Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**. Desculpan a súa asistencia o vicerreitor do Campus de Ferrol e Relación Universidade-Empresa e os señores Casteleiro Maldonado, García Núñez, Navarrina Martínez, Núñez Sal e Vidal Romaní.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor informa do nomeamento de D.^a Araceli Torres Miño como directora da cátedra Jorge Juan durante un ano. Tamén sinala que a Universidade da Coruña forma parte do padroado da Expo-Naval, que foi constituído o día 23 de xuño de 2005, que o Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía será trasladado á Coruña, e que contará coa UDC nas súas actividades. Informa sobre a reunión dos ministros europeos en Berxen, que nas conclusións recollen que en 2007 debe ser un obxectivo xa alcanzado a implantación do sistema de graos. Por último, informa de que o día 28 de xuño de 2005 terá lugar a comparecencia no Congreso dos Deputados dos presidentes das catro subcomisións e as súas declaracións poderían ser de interese para a comunidade universitaria.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, que informa de que xa funciona o radioenlace co campus de Ferrol, que afecta a E.U. Politécnica de Serantes, e que permite recuperar o nivel de 155 Mbps que perderan no pasado. Informa tamén de que a fibra ten chegado ao campus de Elviña a través do tendido eléctrico que ten Unión Fenosa, de xeito que a UDC pasa a ter unha saída de 1 gigabite. Informa da II Convocatoria de grupos departamentais de calidade, que está a punto de saír; da segunda reunión cos grupos departamentais de calidade xa existentes para analizar o traballo realizado ao longo do curso 2004/05; da extraordinaria participación na avaliación docente por web, gracias á colaboración dos centros, e da reunión da comisión interna para temas de converxencia europea, que prevé que poderá ter unha oferta de posgrao para o 31 de decembro, sen que isto supoña ningunha modificación sobre os principios de acordo acadados no marco da comisión mixta Universidade-partidos políticos. Afirmo que o consello de dirección mantén o compromiso de elaborar un mapa de títulos de posgrao consensuado coas outras universidades do SUG, que priorizará os interuniversitarios. Por último, informa da concesión da canle UDC, que se instalará en todos os centros e permitirá dar información *online* sobre as actividades da universidade, iniciando o proceso de produción e difusión de contidos propios.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica quen informa de que conforme a base 9^a “Competencias”, apartado 2, parágrafo primeiro das Bases de execución do orzamento de 2005, a Comisión de Asuntos

Económicos na súa reunión do 24 de xuño validou expedientes de gasto e a súa correspondente imputación a créditos de 2005, de obrigas xeradas en exercicios anteriores ou no exercicio corrente, por un importe global de 150.281,42 euros. De conformidade coa base 9ª “Competencias”, apartado 2, parágrafo segundo das mesmas bases, o vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica imputou expedientes de gasto a créditos de 2005 de obrigas xeradas en exercicios anteriores por un importe global de 133.059,85 euros. A Comisión de Asuntos Económicos foi informada destas imputacións.

A respecto dos labores para a elaboración do plano estratéxico informa que xa están a traballar os tres grupos de apoio ás comisións delegadas no ámbito da I+D+i, da Docencia e das Relacións coa Sociedade. A composición dos grupos de apoio é a seguinte:

Grupo de apoio A: I+D+i:

José María Casanova Crespo

Ignasi Colominas Ezponda

Pilar Combarro Felpeto

Javier Cudeiro Mazaira

Fernando de Llano Paz

Rafael Mª García Rodríguez

María José Martínez López

Carmen Rioboo Blanco

María Silva Pais

Armando José Yáñez Casal

Grupo de apoio B: Docencia.

Julio Abalde Alonso

Antonio Bereijo Martínez

Rosa Fernández Esteller

Manuel Romero Martín

Xurxo Torres Santomé

Mariña Penas Vázquez

Nazareth Cendán Gayoso

Teresa González Martínez

Patricia Guimaraens Bauluz

Grupo de apoio C: Relacións coa Sociedade

Carlos Paulo Martínez Pereiro

Luis Castedo Ribas

Rodolfo Barreiro Lozando

Luz González Doniz

José Antonio Novo Peteiro

Nicolás Devesa Puente

María Traba Pérez

Miguel Ángel Murcia Rois

Begoña Díaz Valerio

Rosa Mª Varela Andrade

No momento actual o labor destes grupos céntrase na confección dun cuestionario para establecer o diagnóstico estratéxico a partir da identificación de oportunidades, ameazas, fortalezas e debilidades.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Estudantes quen informa de que tivo lugar o 14 de xuño unha reunión cos directores dos centros e cos responsables dos departamentos de orientación do ensino secundario, en que participaron o reitor, os vicerreitores de Calidade e Harmonización Europea e de Estudantes, a directora do SAPE, o delegado do SAPE no campus de Ferrol e o representante da UDC na CIUGA, e na que se entregou o Ficheiro-guía da UDC, que se elaborou pensando particularmente nos responsables de orientación dos centros de secundaria, que demandaban materiais e instrumentos específicos para asesorar e orientar o alumno no proceso de acceso á universidade. Informa tamén da presentación do programa “O teu futuro en boas mans: tarxeta MiUDC” e da convocatoria do premio á excelencia educativa.

A continuación, informa sobre a convocatoria de prazas para estudantes da UDC nos aloxamentos universitarios concertados, que se publicou o 7 de xuño, o prazo de presentación de solicitudes remata o 11 de xullo e ofértanse as mesmas prazas e esíxense os mesmos requisitos que en anos anteriores. Dá a coñecer a convocatoria de bolsas do MEC de colaboración nos departamentos, que experimentou un crecemento significativo do número de bolsas que se atribúe á UDC e resalta a importancia de dar a coñecer aos estudantes esta posibilidade. O prazo de presentación de solicitudes remata o 30 de setembro de 2005.

Sobre o transporte universitario sinala que se inicia unha campaña informativa sobre os horarios e os servizos por medio dun folleto que se incluírá no sobre de matrícula; que o número de tarxetas de bono-bus subiu un 20%; que se colocan as marquesiñas nas paradas; e que resulta gratuíto o desprazamento do campus de Elviña ao da Zapateira e viceversa.

Estase a traballar na posibilidade de implantar un transbordo bonificado para os estudantes do INEF-Galicia, que suporá unha axuda próxima ao 25% do prezo do billete. Estanse a manter contactos coa Dirección Xeral de Transporte da Xunta de Galicia para que atenda este aspecto, que non está recollido no plano comarcal de transporte.

Por último, sinala que está a piques de rematar o anteproxecto de regulamento de asociacións de estudantes, que será sometido a un período de información para as asociacións poderen facer suxestións, despois do cal se enviará á Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno para que, se o estimar procedente, o remita para a súa aprobación no Consello de Goberno.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, quen informa da publicación na web da resolución da convocatoria de axudas ás universidades galegas para a organización de congresos, de simposios, de xornadas e similares que favorezan a proxección universitaria, tanto no ámbito local como no nacional e internacional (DOG do 23 de xuño de 2005) e salienta que a universidade galega que acada a cantidade global máis alta das tres é a da Coruña.

Informa por último da publicación na web, con data de hoxe, da convocatoria de axudas para a publicación de revistas científicas, froito do convenio de colaboración asinado coa Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia, por un importe total de 19.850 euros.

A secretaria xeral informa de que, con data 31 de maio de 2005, e logo da correspondente información reservada, se resolveu a apertura de expediente disciplinario a R. C. B.

Por último, informa de que, de conformidade co disposto no artigo 7.3 do Regulamento interno do Consello de Goberno, está na entrada o modelo de autorización para que a información sobre os temas que figuran na orde do día do Consello de Goberno sexa enviada unicamente por correo electrónico. Solicítalles aos membros do Consello de Goberno que o desexaren que o asinen e o entreguen. A convocatoria propiamente dita seguirá sendo enviada por correo interno.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, QUE TIVO LUGAR O DÍA 31 DE MAIO DE 2005

Apróbase por asentimento a acta da sesión do Consello de Goberno do día 31 de maio de 2005.

3. LICENZAS, PERMISOS E COMISIÓNS DE SERVIZOS

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre as solicitudes de licenzas de D.^a María Frías Rudolphi, do Departamento de Filoloxía Inglesa e de D.^a Elisa Beceiro González, do Departamento de Química Analítica, das solicitudes de comisións de servizos de D.^a Ana de Miguel Álvarez, do Departamento de Socioloxía e Ciencia Política e da Administración e de D. Joaquín Míguez Arenas, do Departamento de Electrónica e Sistemas e da solicitude de ano sabático de D.^a Amparo Almarcha Barbado, do Departamento de Socioloxía e Ciencia Política e da Administración. Todas as solicitudes foron informadas favorablemente pola COAP na reunión do 14 de xuño de 2005. Sinala que a solicitude de D.^a Ana de Miguel era de 30 de xuño a 30 de xuño, o que non foi aceptado pola COAP ao entender que debe rematar o curso académico, polo que se propón a concesión desde o 30 de setembro.

A concesión das licenzas, das comisións de servizos e do ano sabático que se indican, cuxos detalles se relacionan no **ANEXO III**, **apróbanse** por asentimento.

4. CONVOCATORIA DE PRAZAS DE PROFESORADO

O Sr. Vicerreitor de Profesorado explica a necesidade de convocar prazas en cumprimento da disposición transitoria terceira dos Estatutos, proposta que informou favorablemente a COAP na reunión do 14 de xuño de 2005; de convocar prazas novas para cubrir as necesidades derivadas do POD, unha proposta que tamén informou favorablemente pola COAP na reunión da mesma data; e de transformar prazas xa existentes, proposta igualmente informada favorablemente pola COAP na reunión da

mesma data. Recibíronse dúas solicitudes que non puideron ser levadas á COAP e solicita que o Consello delegue na Comisión a convocatoria desas prazas, se proceder, debendo ratificar o Consello de Goberno na próxima reunión que teña.

A convocatoria das prazas de profesorado que se atopan no **ANEXO IV apróbase por asentimento.**

5. MODIFICACIÓNS DE MÁSTERS E CURSOS DE POSGRAO

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica expón as modificacións que se propuxeron nos másters en Produción e Xestión Audiovisual, en Xerontoloxía Clínica, en Xestión de Carteiras e Mercados Financeiros e en Banca e Mercados Financeiros, nos cursos de posgrao en Produción Televisiva, en Produción Cinematográfica e en Comercialización de Contidos Audiovisuais, no título de experto en Xerontoloxía Clínica e no curso de especialización en Análise Bursátil. Todas contan co informe favorable da Unidade de Estudos de Posgrao.

As modificacións, cuxos detalles se encontran no **ANEXO V, apróbanse por asentimento.**

6. APROBACIÓN DOS REGULAMENTOS INTERNOS DOS DEPARTAMENTOS DE BIOLOXÍA CELULAR E MOLECULAR, ECONOMÍA FINANCEIRA E CONTABILIDADE, ELECTRÓNICA E SISTEMAS E QUÍMICA FÍSICA E ENXEÑARÍA QUÍMICA I

A secretaria xeral informa de que os consellos dos departamentos de Bioloxía Celular e Molecular, Economía Financeira e Contabilidade, Electrónica e Sistemas e Química Física e Enxeñaría Química I aprobaron os proxectos de regulamento de réxime interno, que foron sometidos a informe da asesoría xurídica, que o emitiu favorable.

Os regulamentos de réxime interno dos departamentos que se citan, que se recollen no **ANEXO VI, apróbanse por asentimento.**

7. QUENDA ABERTA DE INTERVENCIONS

O Sr. Graña López solicita información acerca das posibilidades de mellora do transporte universitario no campus de Ferrol. O vicerreitor de Estudantes contesta que o plano de transporte metropolitano supón unha mellora e que os representantes da UDC tratan en todo momento de trasladar aos responsables municipais, responsables do transporte, as necesidades e as queixas da comunidade universitaria.

O Sr. Graña solicita unha resposta á petición de mellora do sistema de calefacción da escola. O vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental contesta que as peticións están a ser analizadas nunha comisión que se reúne semanalmente, e que recibirá cumprida resposta logo do informe técnico.

O Sr. Graña solicita información sobre as peticións da escola relativas a aumento de PAS. O xerente contesta que o proxecto de RPT está listo e que pode ser consultado na web. O reitor indica que é o froito do proceso de negociación cos sindicatos, en que os órganos de goberno dos centros deben expresar as súas necesidades, mais é o equipo reitoral o que prioriza. O vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica sinala que as prioridades se expresan na memoria e son basicamente investigación e calidade.

O Sr. Graña quéixase de que as notas do título nalgúns centros inclúan a nota do proxecto, que non se debe incluír, segundo o convenio que asinaron entre as tres universidades galegas. A vicerreitora de Organización Académica sinala que se está a traballar para que todos os centros cumpran as mesmas regras e nunha nova normativa de xestión académica que evite estes problemas.

O Sr. Rodríguez Gayán transmite a inquedanza polo futuro do colectivo de precarios que recolleu a Xunta de Facultade e pregunta que solucións se están a dar. A vicerreitora de Investigación sinala que o colectivo é moi variado e que este ano se resolverá a última convocatoria do programa Parga Pondal e non sairá a convocatoria de contratos posdoutorais, pois eran financiados por un convenio coa Xunta de Galicia que finaliza. Apunta que o estatuto do bolseiro, que está a punto de ser aprobado polo Goberno central, suporá cambios importantes nos custos e, polo tanto, na política de investigación da universidade.

O Sr. Rodríguez Gayán pregunta se haberá un modelo de páxina web para os centros. O vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea contesta que está en marcha, e que inclúe un conxunto de datos que todos os centros deben facilitar, sen prexuízo de que os centros que o desexaren elaboren páxinas propias. O reitor advirte da necesidade de facilitar a accesibilidade aos contidos no caso de discapacitados.

O Sr. González López solicita que se asine un acordo con Audasa para que non se teña que pagar a peaxe da autopista. O reitor indica que o adecuado é fomentar o uso do transporte colectivo. O vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental destaca que é estratéxico para a universidade potenciar as posibilidades de acceso aos seus centros, pero que a competencia corresponde aos concellos. A Universidade da Coruña non pode situar os seus equipamentos en lugares sen accesibilidade. A situación que vivimos agora é unha situación herdada e corresponde identificar os responsables que non asumen as súas responsabilidades no tema do transporte.

O Sr. Rilo López expresa unha queixa pola mala organización dun curso sobre o Sorolla, que é obrigatorio para o PAS usuario de Sorolla pola mañá e voluntario con máis horas pola tarde e non expresa a convocatoria do curso nin o contido nin o programa e o número de prazas convocadas é de oito e o de concedidas é de doce. O curso obrigatorio non comprende todos os módulos de Sorolla e non concede un certificado valorable nos concursos. No curso voluntario, que dá máis puntuación nos concursos, non foron admitidos os usuarios de Sorolla, o que crea malestar. O reitor sinala que se dará unha resposta.

O Sr. Fernández Fontao pregunta se os estudantes teñen a obriga de asistir a clase. A secretaria xeral contesta que teñen dereito a unha avaliación continuada ao longo do

curso, segundo os Estatutos. Pregunta tamén cando se instalará o punto de información e se é posible instalar un caixeiro automático. O vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea contesta que o punto de información se instalará nas próximas semanas. Respecto do caixeiro, depende da posibilidade de que teña un certo volume de movementos, o que está a ser estudado pola entidade bancaria. Tamén pregunta sobre o transporte ao campus de Serantes. O vicerreitor de Estudantes apunta que xa mellorou o prezo e agora estase a traballar para que melloren as frecuencias de paso, pero trátase dunha compañía privada concesionaria do servizo e o asunto depende do concello.

A Sra. López González solicita que a guía docente integrada no Proxecto GADU se flexibilice no que se refire ao temario e ao cronograma. O vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea contesta que se está a traballar niso.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12.30 horas.